

PROGRAMA ESPECIALIZADO DE FORMACIÓN XERENCIAL

MÓDULO 3: COMUNICACIÓN DIXITAL INTEGRAL PARA A ECONOMÍA SOCIAL [En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	02-25/05/2022	DURACIÓN	15 horas
HORARIO	Celebraranse 4 sesións virtuais de aprendizaxe os días martes 3 e 10 de maio, en horario de 16:00 a 19:00hs e xoves 5 e 12 de maio en horario de 10:30 a 13:30 horas.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e capacitación para a dirección e xerencia das cooperativas participantes.
- Adquirir coñecementos básicos para ter unha idea xeral e completa de que estratexias e ferramentas son necesarias para desenvolver unha comunicación dixital completa e coherente.
- Divulgar de forma práctica boas prácticas e ferramentas que permitan exemplificar o uso axeitado da comunicación dixital. Tanto se poden aplicarse directamente, como para solicitar e valorar a contratación de servizos externos, tamén de inter-cooperación entre cooperativas.
- Potenciar o coñecemento mutuo e intercambio de experiencias das cooperativas participantes que permitan establecer alianzas futuras.

PROGRAMA E CONTIDOS

BLOQUE 1 / O SITIO WEB + SEO
 BLOQUE 2 / FACEBOOK + INSTAGRAM + FACEBOOK BUSINESS MANAGER
 BLOQUE 3 / TWITTER + LINKEDIN + FERRAMENTAS PRODUTIVIDADE
 BLOQUE 4 / CONTIDOS DE COMUNICACIÓN PARA RRSS E WEB
 BLOQUE FINAL / REVISIÓN DE TRABALLOS E RECOMENDACIÓNS

METODOLOXÍA

A formación estará estruturada en catro sesións de tres horas de duración cada unha. En cada sesión haberá unha hora e media de clase teórica e outro tanto de clase práctica, na que se aplicará a teoría aos proxectos que van desenvolvendo as persoas participantes, ademais de coñecer casos prácticos de éxito, dentro e fóra do ámbito da economía social. Todas as persoas participantes recibirán previamente o curso en formato PDF. Ademais de cada sesión en directo, o alumnado deberá realizar traballo pola súa conta, para aplicar os coñecementos adquiridos no desenvolvemento dun proxecto que ben pode ser creado especificamente para este curso ou ben aplicalo á web e redes sociais das empresas nas que traballen (no caso da web, deberá ser unha xa creada). Será obrigatorio ter seleccionadas as redes antes do comezo do curso, ben iniciadas ou por iniciar, para aproveitar a formación. Os resultados desas prácticas tras cada sesión analizaranse na revisión final. Antes desta última xornada, e co obxectivo de axilizala ao máximo para que sexa eficaz, o alumnado deberá remitir por mail o enlace da web e redes sociais utilizadas para as prácticas. Desta forma, poderase realizar unha primeira avaliación e achegar as conclusións e propostas de mellora na derradeira sesión.

DIRIXIDO A

Con preferencia a persoas socias pertencentes aos equipos directivos, persoas que formen parte do Consello Reitor, e socias e asalariadas con responsabilidades de departamento ou area, de cooperativas.
Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 15.



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2022 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social. Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social – POISES- convocado por CEPES e financiado polo Fondo Social Europeo (FSE).